

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL do órgano instructor no proceso para a concesión de dúas bolsas de formación práctica na Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións correspondentes á valoración de méritos e a entrevista das persoas candidatas (TU981C).

1. O 24 de xullo de 2025, a comisión de valoración do proceso de selección para dúas bolsas de formación práctica na Área de Estudos e Investigación da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2025-2027 (DOG núm. 91 do 14 de maio de 2025), emitiu un informe co resultado da avaliación e coa puntuación obtida tendo en conta a proba de coñecementos, o baremo de méritos e a entrevista persoal das persoas candidatas (artigo 11.4 das bases da convocatoria).

2. Conforme ao artigo 10.3 das bases reguladoras do procedemento, as persoas solicitantes teñen que acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 40 na proba de coñecementos. Para a bolsa do ámbito de ciencia de datos non se presentou ningunha das persoas candidatas e polo tanto non acadaron a puntuación mínima requirida polo que a dita bolsa queda deserta.

3. Á vista do devandito informe, e segundo o establecido no artigo 12.1 das bases da convocatoria, fago pública a listaxe coas puntuacións provisionais obtidas concedendo un prazo de **10 días hábiles**, contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións e presentar os documentos xustificativos que consideren pertinentes.

A listaxe coas puntuacións provisionais figura como anexo a este anuncio.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

O Director de Competitividade de Turismo de Galicia

Iván Meléndez Medela





ANEXO

Ámbito da ciencia de datos

Ningunha das persoas solicitantes se presentou á proba de coñecementos polo que non acadaron a puntuación mínima requirida e non poden continuar no procedemento. Polo tanto esta bolsa queda deserta.

Ámbito da comunicación de datos turísticos

PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME	DNI	Proba coñecementos	Méritos	Entrevista persoal	PUNTUACIÓN TOTAL
Paz	Cervantes	Francisco Javier	***6369**	9,6	34,69	20	64,29
Rey	Castro	Andrea	***4362**	6,8	12,65	18	37,45

